


Uxío Novoneyra naceu en Parada de Moreda, Courel, en 1930, fillo dunha familia de labregos. Esta terra será o principal referente físico para os seus versos, ofrecendo unha anovadora visión da paisaxe dentro da literatura galega e o que fará ser coñecido como o "poeta da terra". No ano 1955 publicou **Os eidos**, poemario co que comeza un ciclo poético que retomará con **Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas** (1974). Nos comezos da década dos 80, o poeta principia a recompilar e depurar o seu ciclo courelao, dando a lume **Os eidos. Libro do Courel** (1981), que terá diversas reedicións. No ano 1983 afínase definitivamente en Santiago, e alí exerceu como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, ata a morte no ano 1999.

Publica **Poemas caligráficos** en 1979, nunha edición prologada e ilustrada por Reimundo Patiño, con textos vinculados a unha vangarda pictórica organizada arredor do grupo Brais Pinto. Xa na segunda metade desa década comeza cunha recompilación temática da súa produción poética completa. Así, en **Muller pra lonxe** (1987), reuniu os poemas amorosos, e dous anos máis tarde, en **Do Courel a Compostela** 1956-1986, os de temática política, acompañados dunha antoloxía crítica. En 1994 editou **Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras**. En 1998 publicou **Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas**.

Nos seus textos, explicita o seu compromiso nacionalista e marxista, sen deixar de preocuparse en ningún momento pola forma poética e pola linguaxe, pesquisando na materia lírica ata conseguir o mellor resultado visual e sonoro para as súas composicións, ao usar recursos como o fonosimbolismo, a utilización de dialectalismos e vulgarismos, os silencios, o simbolismo gráfico... A súa obra en permanente renovación e busca de novas propostas expresivas, moveuse entre o intimismo paisaxista

e a poesía civil dos anos sesenta e setenta.



**DÍA DAS LETRAS GALEGAS
2010**

UXÍO NOVONEYRA
Poeta do Courel



**Coa colaboración do
Departamento de Lingua Galega**


Para saber máis:

<http://centros.edu.xunta.es/ieslamasdecastelo/?q=node/67>

E lembra!

**O martes 4 de maio, no IDC, recital de poemas de
Novoneyra con María Inés Cuadrado**





Cousos do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha d'ir!

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairs dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca da vagoada máis sola e máis medosa...

Rastrex
párase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula cara o ceo
con toda a sombra da noite na boca.

Cain as follas...
Sinto unha cousa
que se apousa en min e no me toca...

Rincha o cabalo rinchón
peta o piquelo no encino
resga o gaio unha canción
e guíndaa dindes do ar
e vai voando sin tino
buscando outra noutro brelo
que ha de ter o mesmo sino.

Enche o cuco o val co seu cantar.

PECHOUSE a noite riba do ucedo
i eu non vin ainda a cor da miña amiga.
Agora é cando ún treme e ten medo.

ISTE desacougo! Este cousa! Esta mao xorda que tira!
Iste querer irse sin saber para onde!

LETANÍA DE GALICIA

GALICIA digo eu ún di GALICIA
GALICIA decimos todos GALICIA
hastr'os que calan din GALICIA
e saben sabemos
GALICIA da door chora á forza
GALICIA da tristura triste á forza
GALICIA do silencio calada á forza
GALICIA da fame emigrante á forza
GALICIA vendada cega á forza
GALICIA tapeada xorda á forza
GALICIA atrelada queda á forza

libre pra servir libre pra servir
libre pra non ser libre pra non ser
libre pra morrer libre pra morrer
libre pra fuxir libre pra fuxir

GALICIA labrega GALICIA nosa
GALICIA mariñeira GALICIA nosa
GALICIA obreira GALICIA nosa
GALICIA irmandiña
GALICIA viva inda

recóllote da TERRA estás mui fonda
recóllote do PUEBLO estás n'il toda
recóllote da HISTORIA estás borrosa

recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo
recóllote pros novos que vein con forza

pros que inda non marcou a malla d'argola
pros que saben que ti podes ser outra cousa
pros que saben que o home pode ser outra cousa

sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa

Galicia será a miña xeración quen te salve?
Irei un día do Courel a Compostela por terras libradas?

Non a forza do noso amor non pode ser inutile!